

CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022


Tempo de verán e deportes

Campamentos Deportivos

É tempo de diversión,
é tempo de conciliar.

**Aberta a preinscrición
do 1 ao 3 de xuño.**

**Máis información en
www.coruna.gal/campamentos2022**



CAMPAMENTOS DO CONCELLO DA CORUÑA 2022

INFORMACIÓN CAMPAMENTOS DEPORTIVOS

A Concellería de Deportes, a través do Servizo Municipal de Deportes organiza un ano máis os Campamentos Deportivos. Durante os meses de xullo e agosto poderedes gozar da práctica do deporte tanto ao aire libre como nalgunhas das instalacións deportivas municipais. Nos campamentos practicaredes actividades multideporte, xogaredes, potenciaredes a vosa creatividade e estaredes en contacto coa natureza. Esperámosvos un ano máis!

PERSOAS DESTINATARIAS

Menores de 6 a 13 anos coa idade cumprida a 31 de decembro de 2022.

*Ofértanse prazas para menores con diversidade funcional. Existe a posibilidade de contar con intérprete de lingua de signos.

CALENDARIO

Preinscrición: 1, 2 e 3 de xuño.

Publicación de listaxes de menores preinscritas/os: 8 de xuño.

Reclamacións: 9, 10 e 11 de xuño.

Publicación listaxe despois das reclamacións: 13 de xuño.

Sorteo das prazas: 13 de xuño.

Publicación de listaxes de admitidas/os: 20 de xuño nas webs coruna.gal/campamentos2022 e coruna.gal/deportes.

Inscrición e abono: 21, 22 e 23 de xuño.

QUENDAS

1ª Quenda: do 27 de xuño ao 8 de xullo.

2ª Quenda: do 11 de xullo ao 22 de xullo.

3ª Quenda: do 26 de xullo ao 5 de agosto.

4ª Quenda: do 8 de agosto ao 19 de agosto.

5ª Quenda: do 22 de agosto ao 2 de setembro.

HORARIO

Xeral: de luns a venres, excepto festivos, de 9:00 a 14:00 h.

Ampliado: de luns a venres, excepto festivos, de 8:30 a 14:30 h.

ESPAZOS DE REALIZACIÓN

Cidade deportiva de Riazor: inclúe o Palacio dos Deportes de Riazor combinado co campo de fútbol e areal de San Pedro de Visma.

Campamento de Novo Mesoiro: inclúe o Polideportivo de Novo Mesoiro combinado co campo de fútbol de Johan Cruyff.

Campamento do Barrio das Flores: inclúe o Polideportivo do Barrio das Flores combinado co campo de fútbol Víctor Fernández Alonso.

Campamento Deportivo da Torre: inclúe o Frontón da Cidade Deportiva da Torre e parte das súas instalacións combinado coa piscina de San Amaro.

Nº PRAZAS

960 (192 en cada quenda)

COTA DE INSCRICIÓN

25,00 € por quenda e participante.

O horario ampliado non aumenta o prezo.

INFORMACIÓN RELATIVA Á SITUACIÓN DA COVID-19

En relación á celebración de actividades de lecer educativo xuvenil, o Concello da Coruña seguirá en todo momento as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade e Benestar Social e OUTRAS autoridades competentes en materia sanitaria en función da evolución xeral territorial da Covid-19. Para este fin poderá implementar estratexias e protocolos de actuación, así como condicións específicas de participación, nas devanditas actividades de lecer xuvenil. En todo caso, non é obrigatorio o uso de mascarilla, pero si recomendable en interiores.

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGACIÓN DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO

As persoas participantes deben comprometerse co cumprimento dunha serie de requisitos esenciais de carácter sanitario e legal a través dun documento de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado. Este documento terá que asinarse e ser entregado antes do inicio do campamento pola nai, pai ou responsable legal do/a menor.

**+INFORMACIÓN E INSCRICIÓN EN
CORUNA.GAL/CAMPAMENTOS2022
E NO TELÉFONO
981 18 98 00 EXTENSIÓN 25037**